
Festa da Isteria

Declarada de Interese Turístico Nacional, é a mais popular e antiga das festas históricas que se celebran en Galicia.

A actual Festa da Isteria é unha translación no tempo da celebrada nesta vila, ata o século XIX, e encadrábase nos festexos da Virxe do Portal, Patroa do Ribeiro. Dentro dos obxectivos básicos da Festa da Isteria, sobresaen a recuperación de tradicións ancestrais e históricas, que formaron a propia historia da vila de Ribadavia e da súa bisbarra.

A Isteria permite coñecer oficios que hoxe en día están en decadencia ou xa se esqueceron, tales como ferreiros, carpinteiros, de armar, toneleiros, cesteiros, e un longo etcétera.

A organización da Festa é responsabilidade dun amplo colectivo veciñal, que se renova cada ano, denominado Festa da Isteria.

O criterio de traballo baséase sempre en manter o rigor histórico que debe ter cada actividade ou acontecemento que se presente, destacando diferentes feitos históricos de relevancia que aconteceron en Ribadavia, como é a historia do Malsín da Condessa Endiañada. O programa está cheo de acontecementos e actividades trasladadas da época medieval para o goce dos viláns e xentes que participan vestidos de época.

URL de orixe: <http://turismoribadavia.com/node/241>